

NOTA DE PRENSA (EMBARGADA ATA AS 19 HORAS DO 20 DE XUÑO DE 2015)

A taxa de suicidio en Galicia supera en catro puntos á media estatal

Profesionais e usuarios denuncian a situación de risco do dereito asistencial de saúde mental en Galicia

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2014. O sector da saúde mental galego pon o foco na súa calidade asistencial e denuncia que a atención sanitaria non está garantida como dereito para o conxunto da cidadanía, á vez que reclama medidas para loitar contra o incremento de suicidios da Comunidade. Así o fixo na xornada que organizou o Movemento Galego da Saúde Mental hoxe, sábado 20 de xuño, na Facultade de Psicoloxía da USC.

O médico de familia Pablo Vaamonde García asegurou que o Real Decreto Lei 16/2012 recupera a figura de “asegurado”, suspendendo o dereito á atención sanitaria do conxunto da cidadanía, o que conduce a unha situación de “exclusión sanitaria”. “Calcúlase que preto dun millón de persoas quedan excluídas da cobertura sanitaria” e denunciou os copagamentos que repercuten negativamente nas xa deterioradas economías das familias. Fuencisla Ladrón de Cegama Escudero, fiscal da área de Santiago de Compostela, reflexionou sobre a posibilidade, coa actual regulación, de aplicar como medida de protección da persoa con enfermidade mental un tratamento ambulatorio involuntario.

Tamén achegou o seu punto de vista sobre este tratamento desde o Comité de Persoas con Enfermidade Mental de Feafes (Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia) Carlos García Lampón, que na súa intervención denunciou “casos de vulneracións de dereitos que se cometían e se cometen”. O psicólogo clínico Miguel Anxo García Álvarez asegurou que “a cuestión da contención física das persoas na atención sanitaria é claramente insuficiente”, cualificándoa de “franco atraso”. “No Estado español atopámonos con insuficiencias importantes respecto das concepcións profesionais sobre esta práctica, do coñecemento da súa extensión, da valoración do seu grave efecto sobre os dereitos das persoas, da súa regulación legal, por inexistente, a pesar das chamadas de atención do Defensor del Pueblo, e do desenvolvemento de medidas para avanzar na súa superación”, concluíu.

Manuel Lago, economista de Comisións Obreiras e profesor de relacións Laborais da Universidade da Coruña, afondou sobre a influencia que pode ter o Tratado de Libre Comercio que están a negociar Estados Unidos e a Unión Europea, coñecido como o TTIP, nos servizos públicos de saúde, e que definiu como “unha ameaza”. Para Lago, “o que se está a negociar non é una rebaixa arancelaria senón a desregulación, isto é, a eliminación de normas que regulan dereitos de todo tipo, desde os laborais aos medio ambientais e tamén todo o que poida supoñer restricións á denominada libre competencia, léase monopolios públicos na prestación de servizos”. Velaí a clave da ameaza, dado que “os sistemas públicos de saúde europeos son unha área onde o capital privado considera que existe un enorme potencial de negocio e de beneficios, de tal xeito que a incipiente privatización que xa están sufrindo sería potenciada si se aprobase o TTIP”.

O suicidio en Galicia

Delia Guitián Rodríguez, psicóloga clínica, alertou das cifras do suicidio na nosa Comunidade, que foi a causa da morte de 394 persoas durante o 2014, de acordo cos datos do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). “Os datos sobre suicidio, un ano máis, alértannos sobre a grave situación que estamos a vivir, xa que a taxa de suicidios segue a incrementarse na nosa Comunidade. As guías de práctica clínica internacionais sinalan que a depresión maior é o trastorno mental máis comunmente asociado á conduta suicida, e que no 90% dos casos de suicidio existían trastornos mentais”, concluíu.

A taxa de suicidio en Galicia foi en 2014 de 14 casos por cada cen mil habitantes, 2 puntos por riba da de 2013 (12,03 en Galicia fronte ao 8,3 no conxunto do Estado, que é o último dato estatal difundido, publicado polo INE); e 4 puntos superior á de 2010 (9,81 suicidios por cada cen mil habitantes). Guitián asegurou que estas cifras gardan relación coas actuais circunstancias económicas, máis aínda cando organismos internacionais como a OMS anunciaban que isto era previsible e que se debía atallar con medidas preventivas, e aseverou que “non se están achegando os coidados nin a atención adecuada á nosa poboación”.

Benito López-de Abajo Rodríguez, médico forense e xefe de servizo de Clínica Médico Forense do IMELGA, achegou un estudo sobre o suicidio no territorio galego entre 2007 e 2014, onde evidenciou a notable suba da taxa de mortes autoprovocadas con respecto á media estatal, moi por riba de moitas outras comunidades autónomas. “Un 43% das persoas que se suicidaron estiveron en contacto con Atención Primaria, mentres que o 29% estívoo con unidades de saúde mental”. Sinalou, así mesmo, que a porcentaxe de homes que se suicida segue a ser moi elevada, 3 de cada 4. O psicólogo clínico Gonzalo Martínez Sande expuxo unha serie de explicacións ao suicidio, con narrativas alternativas á “explicación” psicopatolóxica, como a anomia social desde a perspectiva da socioloxía de Durkheim, ou unha achega desde a filosofía de autores como Améry ou Cioran, que establecían o debate arredor da liberdade e da autonomía.

“O suicidio pode previrse”; esta foi a premisa da enfermeira especialista en saúde mental, Amparo González García, que relatou a súa experiencia no Programa de Intervención Intensiva en Conduta Suicida no Complexo Hospitalario de Ourense, único destas características en Galicia. Este programa de carácter asistencial e preventivo atendeu ata a actualidade a máis de 850 persoas, e está dirixido a persoas con ideas ou intentos de suicidio. “A Organización Mundial da Saúde propuxo un plan de acción para a prevención do suicidio, xa que se converteu nun problema de saúde pública”, asegurou.

O MGSM é un movemento cívico que pretende a protección da saúde mental en Galicia e a defensa da súa atención pública, ante o grave deterioro que está a sufrir e o dano que se está a causar nos dereitos das persoas. Está formado por máis de trescentos profesionais da saúde mental pública de Galicia, profesionais da Administración de Xustiza, cidadáns que comparten a súa Declaración, organizacións sindicais (CIG Saúde, Federación de Sanidade de CC. OO.) , Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, organizacións de familiares e usuarios dos servizos de saúde mental (Fonte da Virxe, A Creba, ASDAN, Xaruma, ONG-Solidarios Anónimos, Dédalo, Albores, Alba), Xuíces pola Democracia, Unión Progresista de Fiscais, Asociación Galega de Médicos Forenses, Asociación de profesionais de drogodependencias e outras condutas aditivas, Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública, Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, Asociación Nacional de Enfermería en Saúde Mental, Mesa Galega da Psicoloxía

Clínica, Asociación Galega de Psicólogos Internos Residentes, Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS, Equipo Boa Vida, Asociación Galega de Saúde Mental-Asociación Española de Neuropsiquiatría.

Máis información na web <http://movementogalegodasaudemental.blogspot.com.es>

**Se desexan ampliar información ou para a xestión de entrevistas, poden contactar co
Movimento Galego da Saúde Mental:**

Eliana Martíns | 699 908 968 | comunicacion@copgalicia.org